



UNIDADE 5

Eu faríao se...

Remita os seus alumnos á fotografía da portadiña e pregúntelles: **Que está a facer esta persoa?** A resposta esperada é **practicar mergullo ou alimentar os peixes no fondo do mar**. A continuación, pídalles que, en parellas e durante un minuto, escriban todas as palabras relacionadas con esta actividade ou con este contexto. Despois, realice unha posta en común e anote as palabras que digan no encerado. Se non mencionan termos como **deporte de risco, medo, perigo, arriscado, aventura, emoción, e atreverse**, fágao vostede e asegúrese de que coñecen o seu significado.

Interésese logo por saber se algún dos estudantes fai ou xa fixo algunha vez mergullo ou calquera outro deporte de risco.

Por último, preséntelles os obxectivos da unidade e a súa tarefa final: decidir cales dos compañeiros poden participar nun *reality show*.



1. UNHA MODA DE AGORA?

Falar sobre tatuaxes e *piercings* e ler un texto sobre a súa orixe.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes se no lugar no que se atopan está de moda (ou estivo nalgún momento) facer unha tatuaxe ou levar un *piercing*. Así mesmo, pídalles que expresen a súa opinión sobre a consideración social de alguén que loce algunha destas cousas e que comenten as repercusións en diferentes situacións; por exemplo, á hora de presentarse a unha oferta de traballo.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se lles gustan os *piercings* e as tatuaxes e en que partes do corpo lles parece que quedan mellor. Se algún alumno di que nunca os poñería en ningún lado, suxíralle que opine sobre que os poñan outras persoas. Pode aproveitar as fotos que ilustran este ítem para guiar a conversa e formular preguntas como as seguintes:

- Cal destes *piercings* ou destas tatuaxes vos gusta máis?
- Hai algún que non vos guste nada?
- Credes que estas persoas escolleron ben a parte do corpo onde os puxeron? Por que?

B. Pregúntelles agora o que saben sobre a orixe dos *piercings* e das tatuaxes e se coñecen algunha cultura que faga ou fixese estas prácticas. Logo, ánimoos a que comenten estas cuestións entre todos e modere as intervencións.

C. Convide os estudantes a leren o texto sobre a historia das tatuaxes e dos *piercings*. Cando rematen, ánimoos a comentaren os aspectos que máis lles chamasen a atención. Se o considera necesario, remítaos antes á epígrafe “Expresar descoñecemento” da sección de gramática, na páxina 45.

E DESPOIS

Interésese por saber se algún dos seus alumnos ten unha tatuaxe. Se é así, anime o resto do grupo a facerlle as preguntas que crean convenientes. Algunhas das esperables poden ser: **Cando a fixeches? Doeuche? Por que a fixeches? Quen cha fixo? Tiveches algún problema?**

2. E TI, FARÍALO?

Escoitar varias opinións sobre as tatuaxes e sobre os *piercings* e relacionalas coa persoa correspondente. Opinar e expresar o grao de acordo.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os seus alumnos de que van escoitar catro persoas que opinan sobre os *piercings* e sobre as tatuaxes. Pídalles que tenten asociar cada unha das intervencións coa persoa a quen corresponda.

Solución

Lurdes: *Encántame, teño un.*

Xaime: *Se non fose tan maior, poría un.*

Sara: *Eu nunca faría unha.*

Milucho: *Eu só a faría nunha parte moi discreta do corpo.*

B. Anime agora os estudantes a comentaren con cal das opinións que acaban de escoitar se identifican máis.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostran interese polo tema, pode suxeririlles que elaboren un cartel con información práctica para colgar nos paneis da escola. Explíquelles que deberán negociar as seccións que poderá haber, por exemplo, **onde tatuarse na localidade na que están, consellos para facer unha tatuaxe de forma segura, coidados necesarios, diferentes tipos de tatuaxe...** Deseguida, deixe que xestionen a distribución do traballo. Segundo a súa dispoñibilidade de tempo, valore vostede a posibilidade de que o fagan nas horas de clase ou como tarefa para a casa.



3. O POSPRETÉRITO

Repasar as formas do pospretérito e reflexionar sobre algúns dos seus empregos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Os estudantes que fixeron o curso anterior (co *Aula de Galego 2*) xa viron a formación do pospretérito, pero agora vano estudar con máis profundidade.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos estudantes se lembran cal é o título da unidade e escribano no encerado. A continuación, pregúntelles se saben o nome do tempo verbal no que aparece o verbo e, de ser necesario, acláreo. Coméntelles logo que as formas regulares do pospretérito son moi sinxelas e que parten sempre da base do infinitivo. Coloque no encerado un exemplo de cada unha das conxugacións verbais (como, **andar, ler e durmir**) e conxúgueos coa axuda deles.

A seguir, pídalles que completen as formas dos verbos regulares que faltan no cadro e, logo duns intres, realice unha posta en común.

Solución

ESTUDAR: *estudaría, estudiaría, estudariades, estudiarían;*

ENTENDER: *entendería, entendería, entenderíamos, entenderían;*

VIVIR: *viviría, vivirías, viviríamos, viviríades.*

Agora, centre a súa atención nos verbos irregulares (**dicir** e **facer**) e explíquelles que a irregularidade ocorre na raíz de cada verbo e que a terminación para cada persoa é a mesma das formas dos verbos regulares. Deseguida, convídeos a completaren as conxugacións.

Solución

DICIR: *diría, diría, diríades, dirían;*

FACER: *faría, faría, faríamos, farían.*

B. Remita os seus alumnos aos sete pares de frases e pídalles que, en parellas, discutan as diferenzas de significado entre cada un deles e que, a seguir, imaxinen en que situacións se poderían dicir. Concédalles tempo abondo e faga logo unha posta en común.

Solución

1.a. *A persoa que fala ten moita fame e informa de que vai comer un bocadillo (porque o pode facer: está na súa casa e ten os ingredientes necesarios, ou nunha cafetería...).*

1.b. *O falante ten moita fame e expresa o seu desexo de comer un bocadillo. Non obstante, polo emprego do pospretérito, sabemos que se atopa nunha situación na que non pode satisfacer o seu desexo: non ten os ingredientes, non está nun sitio no que llo poidan preparar, segue unha dieta...*

2.a. *A persoa que fala informa do motivo polo cal non vive nunha cidade (non soporta o ruído).*

2.b. *A persoa que fala non vive nunha cidade e informa de que, no caso de que teña a posibilidade de facelo, non o faría porque non soporta o ruído.*

3.a. *O falante valora negativamente un traballo, razón pola cal non o vai aceptar.*

3.b. *A persoa que fala valora negativamente un traballo e aconséllalle a outra persoa que non o acepte, pódose hipoteticamente no seu lugar (están implícitas ideas como “Se mo ofrecesen a min”, “Se eu fose ti”, “Se eu estivese no teu lugar”...).*

4.a. *O falante interésase polos gustos do seu interlocutor, máis concretamente, quere saber se lle gusta ir de excursión á montaña.*

4.b. *A persoa que fala proponlle ao seu interlocutor ir de excursión á montaña, un convite que o interlocutor poderá aceptar ou rexeitar.*

5.a. *O falante afirma de maneira categórica cal é a obriga dos médicos, independentemente da realidade e de calquera punto de vista.*

5.b. *O falante presenta unha obriga dos médicos, pero como un desexo ou como algo que dende o seu punto de vista é necesario. Probablemente está motivado pola súa experiencia (moitas veces, os médicos non lles dedican tempo aos seus pacientes).*

6.a. *A persoa que fala faille unha petición ao seu interlocutor con moita pulidez, xa que pode supoñer, por exemplo, que o que pide é unha molestia.*

6.b. *O falante pídelo ao interlocutor que realice unha acción que supón facilmente realizable, que non considera unha molestia ou que xa lle é habitual.*

7.a. *O falante dálle un consello ao seu interlocutor e preséntao simplemente como algo recomendable, o que implica menor presión. A intervención podería continuar con “É perigoso, pero fai como queiras”.*

7.b. *A persoa que fala presenta unha orde ou unha instrución como algo que se debe cumprir inescusablemente. A intervención podería completarse con “é perigoso”.*

C. Agora, pídalles que se agrupen en parellas e que discutan que valor do pospretérito reflicte cada frase. Déalles uns minutos e promova despois unha corrección entre todos.

Solución

Suxerir: 7.a.

Propor: 4.b.

Evocar situacións imaxinarias: 2.b.

Aconsellar: 3.b., 7.a.

Expresar desexos difíciles: 1.b.

Opinar sobre accións e condutas: 5.b.

Pedir con cortesía: 6.a.

Por último, remita os estudantes ás seccións “Outros usos do pospretérito”, “Aconsellar suxerir” e “Opinar sobre accións imaxinarias” da sección de gramática, na páxina 45. Repase con eles o seu contido e aclare as dúbidas que poidan xurdir.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 101, exercicios 1 e 3.

Páxina 102, exercicios 5 e 7.

4. CONSELLOS

Relacionar unha serie de problemas coas solucións correspondentes. Observar diferentes recursos para dar consellos.

ANTES DE COMEZAR

Se lle parece conveniente, pode propoñerlles aos seus alumnos unha actividade práctica para saber que maneiras de aconsellar ou de recomendar xa coñecen e que estruturas adoitan empregar. Dígalles que ten vostede un problema (por exemplo: **Non sei que facer. Ultimamente non como case nada e estou enmagrecendo demasiado peso. Creo que estou enmagrecendo demasiado**). Deseguida, pídalles que escriban no seu caderno que consellos lle darían a vostede para solucionalo.

Déalles un par de minutos e faga unha posta en común, anotando no encerado as diversas expresións que empreguen, sen borralas logo.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus estudantes ao cadro proporcionado na actividade e explíquelles que na primeira parte se atopan oito problemas e, na segunda, unha proposta de solución para cada un deles. A continuación, indíquelles que os relacionen e, cando remataren, leve a cabo unha posta en común.

Solución

1. f; 2. d; 3. a; 4. g; 5. h; 6. b; 7. e; 8. c.

A seguir, pídalles que se fixen nas estruturas destacadas e pregúntelles se coñecían todas estas maneiras de aconsellar ou recomendar, ou se hai algunha que lles sorprenda ou que non lles resulte clara. Despois, compare con eles as estruturas das frases e as que figuran no encerado. Se traballa cun alumnado estranxeiro, pídalles tamén que comenten se existen similitudes entre os recursos empregados en galego e os que se usan na súa propia lingua para dar consellos ou recomendacións.

B. Indíquelles agora que volvan ao cadro de solucións, que se fixen nos tempos verbais que acompañan as estruturas destacadas e que os anoten. Antes de realizar unha posta en común, remita os seus alumnos ás seccións “Aconsellar/Suxerir” e “Pretérito imperfecto de subxuntivo” da sección de gramática, na páxina 45.

Solución

1. *pospretérito*
2. *pospretérito*
3. *pospretérito*
4. *pospretérito*
5. *infinitivo*
6. *infinitivo*
7. *presente de subxuntivo*
8. *presente de indicativo*

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pode volver repetirlles a actividade proposta en “Antes de comezar”, pero desta vez pídale a un voluntario que lles conte un problema aos demais compañeiros. Estes, pola súa vez, terán que facerlle todas as recomendacións posibles. que facerlle todas as recomendacións posibles. Recomendámoslle que continúe o exercicio con outros alumnos tantas veces o considere, pero evite que se converta nunha actividade excesivamente repetitiva.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 101, exercicios 2 e 4.



practicar
e comunicar

5. SE FOSE...

Pensar e adiviñar o nome dun personaxe famoso.

ANTES DE COMEZAR

Para que os estudantes entendan a dinámica da actividade, remítaos á ilustración co sinal de interrogante e á mostra de lingua proporcionada en B e, a continuación, pregúntelles que personaxe famoso relacionarían cun tigre. Deixe que fagan as súas hipóteses e, se non mencionan ningún, pode dicirlles que se podería tratar, por exemplo, do golfista estadounidense *Tiger Woods*.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles agora que van seguir xogando a adiviñar o nome de personaxes famosos. Cada estudante deberá pensar nun e rematar as frases propostas de xeito que sirvan como pistas para adiviñar o persoeiro en cada caso. Recórdelles que non teñen que completar todas e que, se lles parece necesario, poden engadir as frases novas que queiran.

B. Agora, ánimoos a descubriren os personaxes nos que pensaron os compañeiros. Diga vostede o nome dun estudante para que os demais lle fagan as preguntas necesarias (como na mostra de lingua). A continuación, repita o proceso con cada alumno ata que se descubran os personaxes de todos.

E DESPOIS

Fotocopie e repártalles aos seus alumnos o texto da **ficha 10**. Coméntelles que se trata dunha adaptación ao galego dunha composición cuxa autoría se descoñece. Pídalles que o lean e que comenten entre todos que lles parece e que mensaxe intenta transmitir.

Para rematar, propónalles que, como tarefa para a casa, escriban un texto co mesmo comezo do que acaban de ler: **Se puidese vivir novamente a miña**

vida... na clase seguinte, recolla as súas redaccións e proceda ás correccións pertinentes.

6. O HOME INVISIBLE

Dicir que farían se fosen invisibles durante un día.

ANTES DE COMEZAR

Lea en voz alta o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos se coñecen este personaxe de ficción. Interésese tamén por saber se leron a novela *O home invisible* (1897), do escritor británico Herbert George Wells (*The invisible Man*, no orixinal en inglés), ou se viron algunha das adaptacións cinematográficas da obra.

Pregúntelles, ademais, se a ilustración que acompaña a actividade coincide coa imaxe que eles teñen do personaxe. Anime a que todos participen e escoite atentamente as súas intervencións.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que imaxinen que poden ser invisibles durante un día e pregúntelles que cousas farían. Ensínelles a mostra de lingua e déalles uns minutos para que poñan por escrito as súas ideas.

B. Convide agora a cada un deles a comentar co resto da clase as súas propostas. Indíquelles que presten moita atención porque, logo, terán que escoller a persoa que aproveitaría mellor o día. A seguir, modere as quedas para que todos poidan ler o que escribiron.

E DESPOIS

Agrupe os seus alumnos en parellas e pídalles que elaboren unha listaxe cos posibles inconvenientes que terían ao seren invisibles. Suxíralles que propongan exemplos concretos.

É posible que necesiten producir oracións condicionais nas que apareza o imperfecto de subxuntivo (Se quixese..., se necesitase...). Teña en conta que na sección de gramática da páxina 45 só figuran os verbos **ser/ir**, **estar** e **poder**, pero axúdeos con outras formas que necesiten, para que non as produzan indebidamente. Tamén lles pode recordar que na próxima unidade verán este tempo verbal con máis detemento.

7. POBRE MANUEL

Ler os problemas que ten un pai coa súa filla adolescente. escoitar os consellos que lle dan, valoralos e propoñer outros.

ANTES DE COMEZAR

Interésese por saber como viviron os seus estudantes o período da adolescencia. Pregúntelles: **Como foi a vosa adolescencia? Fostes adolescentes rebeldes?** Escoite

aqueles alumnos que queiran responder e non force a que se manifesten os que non o desexan.

Se observa que entre o grupo hai moi boa relación e que se coñecen o suficiente, pode evitar preguntarlles directamente e propoñerlles que sexan eles os que fagan hipóteses sobre como cren que foi a adolescencia dos seus compañeiros. Logo, cada un dirá se as hipóteses eran acertadas ou non.

Se traballa con adolescentes, pregúntelles cales cren que son os problemas típicos desta etapa da vida ou, se o prefire, salte directamente á epígrafe A.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os estudantes de que Manuel, o home que aparece na fotografía, está moi preocupado porque a súa filla Laura, que ten 15 anos, cambiou bastante o seu comportamento. Pídalles que lean o que Manuel lle conta a un amigo seu.

B. A continuación, dígalles que van escoitar catro persoas que estiveron falando con Manuel sobre o tema (unha amiga, un amigo, a súa psicóloga e o seu irmán) e pídalles que tomen nota dos consellos que lle dá cada un.

Solución

1. *Falaría cos seus profesores, levaríaa ao psicólogo ou faría unha terapia familiar.*
2. *Tentaría coñecer os seus amigos: convidaríaa a pasaren a fin de semana na casa da praia, por exemplo.*
3. *Recoméndalle que fale con ela, pero sen deixar de respectar o seu espazo.*
4. *Cre que Manuel debería controlar máis o que fai e con quen sae, obrígala a estudar e a chegar á casa antes das nove e prohibirlle saír as fins de semana.*

C. Convídeos agora a comentaren entre todos con cal dos personaxes que escoitaron están máis de acordo. Ademais, propóñalles que opinen sobre o que Manuel debería facer ou como debería actuar coa súa filla.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pode propoñerlles aos seus alumnos que organicen unha charla sobre os problemas que afectan os adolescentes no lugar no que se atopan. Antes de que comecen, suxíralles os seguintes temas e indíquelles que poden engadir outros: **o consumo de alcohol, de tabaco e de drogas; a acne; a adicción aos videoxogos; as más compañías...**

Faga unha posta en común para elaborar unha lista definitiva e, a continuación, pídalles que comenten na clase cal cren que é o problema máis importante dos adolescentes nos seus respectivos lugares de procedencia e como cren que se poden solucionar.

8. PARTICIPARÍAS NUN REALITY SHOW?

Facerlle unhas preguntas a un compañeiro para decidir se podería participar nun *reality show*. Pensar en como sería un programa a partir do seu título e elaborar un cuestionario para seleccionar os concursantes.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos que tipos de concursos se emiten nas televisións do lugar no que se atopan e cales son os máis populares. Anímeos a que comenten, ademais, se algunha vez participaron nalgún ou se pensaron ou pensan facelo.

Se os estudantes non o mencionaron, pregúntelles se non coñecen o programa *Gran hermano* e as diferentes variantes deste en diferentes países. Pídalles que expliquen a dinámica deste tipo de concurso e o impacto social que tivo.

B. Unha canle de televisión, TeleGa2, está seleccionando candidatos para o seu novo programa *Unha casa para ti*. Indíquelles que, en parellas, lean en que consiste o programa e que, a continuación, lle fagan as preguntas do cuestionario proporcionado ao seu compañeiro.

C. Pídalle a cada estudante que lle conte ao resto da clase se o seu compañeiro sería un bo concursante de *Unha casa para ti* e que o xustifique. Dígalle, á súa vez, a esta persoa que, ao final, poderá expresar acordo ou desacordo co que se dixo sobre ela.

D. Agora dígalles que, en parellas, teñen que imaxinar como podería ser algún dos programas propostos ou outro que eles queiran inventar: como funciona, onde se desenvolve, que premio recibe o gañador... Así mesmo, deben elaborar un cuestionario para seleccionar os concursantes para os respectivos programas.

E. Unha vez que finalicen, anime as diferentes parellas a facerlle as preguntas que elaboraron a outra parella. Se o número destas fose impar, deberase formar un grupo de tres parellas.

Para rematar a actividade, cada parella terá que expoñer en que consiste o seu concurso e se a parella que entrevistou pasou ou non o proceso de selección.

E DESPOIS

Escriba no encerado a palabra **telelixo** pregúntelles aos estudantes se xa a escoitaran antes e aclare o seu significado, de ser preciso. A continuación, proporciónelle a cada un unha fotocopia dos dous fragmentos de distintos artigos de opinión que figuran na **ficha 11** e pídalles que os lean.

Cando remataren a lectura, propóñalles que comenten entre todos o seu contido e aproveite para interesarse por saber se consideran telelixo os tipos de programas que se mencionan nos textos. Logo, fomente un breve debate sobre o tema.



9. RUTA XACOBEEA

Ler un texto sobre a historia do Camiño de Santiago e comentalo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Como o texto proposto na actividade presenta dúas partes claramente marcadas, suxerímoslle que lles propoña aos seus alumnos que o lean en dúas fases distintas: a primeira (os cinco primeiros parágrafos), para a realización da tarefa proposta en A; e a segunda (**Consellos para facer o camiño**), despois de que fagan os comentarios propostos en B.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes que lugares famosos de peregrinación relixiosa coñecen. Escoite as súas respostas e, se non mencionan en ningún momento o Camiño de Santiago, fágao vostede. A seguir, pídalles que, en parellas, comenten toda a información que coñezan sobre esta importante ruta de peregrinación católica. Logo duns minutos, propóñalles que compartan a información entre todos nunha posta en común.

PROCEDEMENTOS

A. Convídeos agora a leren o texto sobre a historia da Ruta Xacobeaa (só os primeiros cinco parágrafos). Pídalles que o fagan individualmente e que, ao longo da lectura, vaian subliñando os datos que lles parezan máis curiosos, interesantes, sorprendentes, increíbles, así como os que descoñecían.

En canto rematen a lectura, faga unha posta en común na que, unha vez que lles pregunte sobre as dúbidas e vocabulario e as aclare, os estudantes poidan facer os comentarios e as achegas que consideren pertinentes.

B. Agora centre a atención dos seus alumnos na foto do grupo de peregrinos que figura na actividade e pregúntelles: **Onde credes que están estas persoas? Que aspecto teñen? Como credes que se atopan anímica e fisicamente?** Escoite as súas respostas e, a continuación, pregúntelles se fixeron algunha vez o Camiño de Santiago completo ou algún dos tramos nos que se divide. Anímeos a comentaren cos demais compañeiros se tiveron este tipo de experiencia, aínda que fose noutra ruta de peregrinación.

Despois, pídalles que se agrupen en parellas e que comenten se farían o Camiño de Compostela algunha vez, se lles parece ou non unha experiencia atractiva e por que. Déixelles uns minutos para que o discutan e volva facer unha posta en común para que cada estudante mencione a posición do compañeiro respecto do tema en cuestión.

Logo pregúntelles aos estudantes que consellos lles darían ás persoas que queren facer o camiño. escoite as súas respostas e convídeos enseguida a que lean a segunda parte do texto (consellos para facer o camiño). Nesta ocasión, despois de que o lean individualmente, promova unha lectura conxunta, na que lle pode pedir a cada estudante que lea un ítem (un consello).

Lido o texto, pregúntelles que coincidencias hai entre os consellos que se ofrecen no texto e os que suxeriron eles anteriormente. Asemade, poderán dicir cales das recomendacións lles parecen máis importantes e cales menos. Se algún deles xa fixo o camiño, aproveite tamén para lle preguntar se, daquela, cumprira todas as recomendacións mencionadas.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno e se a súa programación didáctica llo permite, coméntelles aos seus alumnos que o Camiño de Santiago se pode facer en 8 rutas distintas. Despois, anímeos a procuraren máis información sobre cada unha delas: **Camiño francés, Camiño a Fisterra, Ruta do Mar de Arousa e Ulla, Camiño primitivo, Camiño do norte, Vía da prata, Camiño Inglés e Camiño portugués.**

Permítalles escolleren a ruta que prefiran ou asígnelle vostede unha a cada estudante ou parella e anímeos a que busquen máis detalles. Na clase seguinte, indíquelles que compartan cos demais compañeiros os datos que investigaron, facéndolles unha breve descrición da ruta que lles corresponda.

Se ten ao seu dispor diferentes recursos audiovisuais (vídeos, cancións, xogos interactivos...), aproveite para repasar ou consolidar cos estudantes os coñecementos acerca da xeografía galega, costumes culinarios, antropolóxicos etc.

